

RADIO SIEIRO'24 - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

-Ola a todas e todos e benvidos á RadioSieiro, a radio do Ceip Plurilingüe Manuel Sieiro; a radio de Crecente.

-Hoxe queremos ofrecervos un programa moi especial para celebrar a festa das nosas verbas, o Día das Letras Galegas.

-Este ano está adicado a unha das grandes figuras da literatura galega de mediados dos anos 80 e principios dos 90.

-Unha escritora que "fai pensar ao mundo contemporáneo" nas súas obras, nas que se misturan maxistralmente poesía e música.

-Esta escritora é Luisa Villalta, unha ilustre coruñesa que nos deixou no 2004. De feito o 17 de maio fai 20 aos xustos da súa morte. Menuda coincidencia!!

-Ademáis de a esta gran escritora, queremos adicar o RadioSieiro de hoxe a un programa de tele que ensinou a falar galego a milleiros de rapaces e rapazas.

-Un programa co que pasábamos cada tarde enganchados á TVG, disfrutando de debuxos animados, cancións, concursos e moito máis.

-Estamos a falar, por suposto do "Xabarín Club", o programa infantil máis famosos e importante da nosa Televisión de Galicia.

-E dentro do Xabarín club, xusto despois de Doraemon, botaban unha das mellores series de debuxos da historia: As Bolas do Dragón.

-As aventuras de Son Goku e as súas amigas e amigos; nun mundo fantástico cheo de aventuras moi entretidas e divertidas.

-Este anime foi creado polo debuxante xaponés Akira Toriyama, que por desgracia faleceu este mesmo ano.

-Por iso queremos adicar este programa ao creador dunha das series de animación que máis fixo soñar a grandes e pequenos.

RADIOSIEIRO'24 - ESPECIAL LETRAS GALEGAS

Aran - E comezamos falando do Día das Letras Galegas e da persoa que recibe o premio deste ano.

Aran - Os rapaces de 3º e 4º prepararon unha reportaxe sobre Luisa Villalta que non te podes perder.

REPORTAXE LUISA VILLALTA

Aran - Seguimos na RadioSieiro con noso especial sobre o Día das Letras Galegas.

Aran - E agora imos coa reportaxe máis esperada porque toca falar do... Xabarín Club.

REPORTAXE DO XABARÍN CLUB

-Moi interesante a reportaxe sobre o Xabarín Club.

-É unha pena que xa non teña o éxito de fai unhas décadas.

-De todas formas, a mensaxe quedou bastante clara. É necesario dar un pulo ao galego.

-A nosa lingua leva milenio e medio con nós, sendo o símbolo de identidade do pobo galego.

-Non podemos permitir que se perma no esquecemento. Xa sabedes amigas e amigos: falade galego!!

-Nós volveremos no seguinte programa da RadioSieiro. Ata entón sede felices!!!